

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN TEMPORAL DO PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DE USUARIO E CONTRASINAL PARA O ACCESO Á PARTE PRIVADA DA SEDE ELECTRÓNICA PARA PERSOAS FÍSICAS, DURANTE O ESTADO DE EMERXENCIA SANITARIA OCASIONADO POLO COVID-19

Expediente: 2020/AE/000002

En data 24 de abril de 2020 ditouse o seguinte decreto:

“DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE MODIFICA TEMPORALMENTE O PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DE USUARIO E CONTRASINAL PARA O ACCESO Á PARTE PRIVADA DA SEDE ELECTRÓNICA PARA PERSOAS FÍSICAS DURANTE O ESTADO DE EMERXENCIA SANITARIA OCASIONADO POLO COVID-19

Ante a actual situación derivada da evolución da enfermidade COVID-19 e das medidas extraordinarias que se están a tomar polas diferentes autoridades de saúde pública e, en particular do Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, faise necesario adoptar unha serie de medidas por parte desta entidade local, para que no marco das súas competencias, posibilite a conciliación da seguridade e saúde da cidadanía e dos empregados/as públicos/as coa mellor prestación dos servizos públicos a todas as persoas.

Neste senso, e dende o inicio da crise, véñense ditando unha serie de actos administrativos, encamiñados a compatibilizar a protección da seguridade e saúde das persoas co funcionamento ordinario dos servizos públicos, así como a potenciar ao máximo as formas de relacións electrónicas e telefónicas que se teñan que realizar entre a cidadanía e este Concello, eliminando os trámites presenciais.

O procedemento ordinario para a obtención, polas persoas físicas, de contrasinal de acceso a parte privada da sede electrónica require a identificación presencial ou mediante algún dos medios establecidos polo sistema cl@ve. O obxecto do presente decreto é ampliar as posibilidades de identificación dos cidadáns, polo tempo que dure a situación de confinamento, estea suspendida a atención ao público nas oficinas municipais e mentres que as autoridades sanitarias recomenden evitar os desprazamentos, para que poidan obter a contrasinal, substituindo a necesidade de identificación presencial por un cuestionario relativo a datos coñecidos pola administración e polo administrado que permitan acreditar a súa identidade.



Mércores, 6 de maio de 2020

Núm. 85

Así co obxecto de dar cumprimento aos mandatos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo e de facilitar o acceso ás canles electrónicas ás persoas interesadas, procédese á modificación do procedemento de obtención do usuario e contrasinal, aprobado por Decreto de alcaldía de 29/02/2016, modificado o 17/12/2019, para o acceso á sede das persoas físicas durante o tempo que dure o estado de emerxencia.

Por último, é competencia da alcaldía a adopción de medidas necesarias e adecuadas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade polo que de conformidade co establecido no artigo 124.4.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, DECRETO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do procedemento para a obtención de acceso á parte privada da sede electrónica do Concello de Pontevedra, para as persoas físicas que se poderá tramitar do seguinte modo:

- O usuario interesado na obtención de usuario e contrasinal para o acceso á parte privada da sede electrónica deberá poñerse en contacto coa administración municipal a través de chamada telefónica ao número 986100185 e solicitar o servizo de obtención de contrasinal para presentación electrónica. Unha vez transferido ao servizo correspondente o empregado público que atenda a chamada deberá recadar do interesado o seu número de DNI así como un teléfono de contacto.
- Seguidamente o servizo competente para a expedición do usuario e contrasinal deberá comprobar que o interesado consta nas bases de datos municipais.
- Se se teñen datos do usuario poderase proceder a realizar unha chamada ao número que o usuario interesado comunicou previamente, chamada que será gravada previa información de dito teor ao cidadán.
- Durante a devandita chamada comprobarase a identidade do cidadán mediante unha serie de preguntas de control, con información coñecida por ambas partes, cuxas respostas serán trasladadas a un formulario por escrito por parte do funcionario que atenda a chamada.
- A gravación da chamada así como o formulario cumprimentado polo funcionario serán anexados ao correspondente expediente de xeración de usuario e contrasinal en proba da identificación realizada e do consentimento prestado polo cidadán.
- De cumprirse cos requisitos anteriores a clave será proporcionada durante a mesma chamada telefónica ou por outro medio mais conveniente, en función dos medios técnicos dispoñibles en cada momento, indicando ao interesado a necesidade de que, seguidamente, a modifique por unha só coñecida por el mesmo.

Segundo.- Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello para a súa difusión así como na propia sede electrónica.

Así o dispuxo e ordenou o Alcalde, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración municipal.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica.

